

TEMAS VARIOS

✓ **18-21 horas.** [Reclamamos negociación da recuperación do noso horario lectivo.](#) É impresentábel que haxa CC.AA. que xa recuperaran o horario anterior aos recortes e aquí se nos tome o pelo falando de cartos. **Non convocarán Mesa nin están en disposición de moverse neste tema.**

✓ **Afíns:** reclamamos a súa regulación. A adjudicación de CADP deste ano volveu a amosar o despropósito de [afíns absolutamente disparatadas](#). O 52% do profesorado provisional imparte materias ou ámbitos que non son da súa especialidade.

✓ **Chamamentos de persoal substituto:** deben comezar antes. En primaria comezaron dous días antes do inicio de curso e en secundaria o propio día. Declaracións do xefe territorial: o menos que se pode esixir dun cargo público é que non minta ou non sexa ignorante no seu campo de competencia. O que fixo o XT de Pontevedra foi, no mellor dos casos, amosar un grao preocupante de ignorancia ao dicir que o persoal substituto ten tres días para tomar posesión. Non hai excusas para cubrir as necesidades dos centros. Hai que ter unha especial atención ás unitarias.

✓ **Prazas de francés:** hai que respectar os catálogos. A CIG xa solicitou que se envíe unha circular ás inspeccións e ás direccións para que as prazas se ofertasen, tanto no CADP como para chamamentos pola especialidade que lle corresponde. Segundo nos informa a DX esas instrucións xa se

cursaron e se hai cambios de perfil fanse desde servizos centrais porque non existe xente nas listas. Só se incorporaron 19 persoas ás lista da oposición 2019 e xa está esgotada a lista. Hai que pórllle remedio: ou se abren listas de francés ou se habilita que persoal interino con B2 poida poñer francés como lingua e se lle dean as prazas nas que realmente se imparte francés. Sempre respectando o dereito a traballar de todas as persoas que están en listas, o que implica que se adxudiquen correctamente as prazas. **A Consellaría afirma que unha vez rematada a lista de francés chamará pola lista de Primaria sempre que non se imparta Francés.**

✓ **Incumprimentos de catálogos de primaria provocados pola inspección:** apoios de infantil orientación... A Inspección está a recortar prazas de orientación e Infantil (apoios). É impresentábel.

✓ **Negativa das Xefaturas Territoriais a autorizar desdobres** en aulas que superan a ratio ordinaria, algunhas incluso con alumnado de necesidades específicas de apoio educativo. Hai varios casos que afectan a centros da provincia de Pontevedra. Queremos saber se hai instrucións da Dirección Xeral para bloquear as melloras que solicitan os centros en función do cupo de persoal docente. Exemplos: CEIP Carlos Casares e Humerto Juanes de Nigrán, CEIP Vicente Risco de Vigo, CEIP do Camiño Inglés de Oroso...

✓ **Incidencias no CADP:** erros nas renuncias, problemas coas resultas por cambio de corpo. **Afirman que o cambio de corpo só se limita a cátedras de CMUS e que non é preciso facer cambios.**

✓ Oposicións:

- Incidencias nas oposicións: desde especialidades con alto índice de prazas desertas (FOL, Informática, Matemáticas, Mantemento de Vehículos, etc..) a unha ausencia real do concurso oposición. **Non abren a boca.**
- **Oposicións 2020.** Vaise negar novamente a Consellaría a traer a esta MS un estudo das diferentes especialidades docentes: estudo da idade do funcionariado, previsión de xubilacións a 5 anos vista. Persoal interino en cada especialidade e antigüidade nela? **Afirman que aínda non comezaron a pensar na oferta e non se comprometen a darnos datos.**
- Anunciamos que queremos que se convoquen oposicións de francés e galego nas EOI para cambio de corpo.
- Creemos que hai que facer moito máis para potenciar o portugués como segunda lingua e aumentar o profesorado.

✓ **Substitucións de docentes con períodos non lectivos no medio:** baixas ou permisos interrompidos no Nadal ou na semana santa. É un feito que a Consellaría adoita nomear a persoa substituta unha vez que se inician de novo as aulas (xaneiro). Queremos que quede claro que o procedemento a seguir é o seguinte: á volta dun período lectivo o docente substituto terá preferencia para continuar na mesma praza, favorecendo a continuidade co seu alumnado. Isto implica que aínda que non lle correspondese traballar se mantería activa a contratación. É obvio que como CIG preferimos que cobre durante ese tempo mais sabemos cando menos hai que garantir ese dereito. No momento en que haxa que chamar á persoa substituta, debe ser informada das vacantes que existan, por se prefire optar por outra (maior duración, proximidade, etc..). **A Consellaría confirma que farán cos permisos de maternidade e paternidade tal e como dicimos, como xa viñan facendo coas baixas médicas.**

✓ **Chamamentos de substitución estando de baixa.** O apartado 16º do acordo de persoal interino (toma de posesión) di expresamente que “a aquelas persoas que non poidan tomar posesión por encontrarse de baixa por enfermidade reservaráselles o posto até que se encontren en situación de alta, e nomearase mentres outro profesor substituto”. Esta redacción non fixa ningunha diferenza entre persoal interino de adxudicación e persoal para substitucións. Porén, a Consellaría neste último caso non lle dá o destino cando colle a alta senón que lle respecta o posto na lista. **A Consellaría afirma que no caso de substitucións non lle recuperan o destino mais que si reclaman terían que ter en conta a reclamación.**

✓ **Previsión da publicación da orde de titulacións para listas.** A administración comunícanos que aínda están en reunións que pensan tela para outubro.

✓ **Persoal coidador.** Aínda que non é un tema desta mesa queremos deixar constancia dos problemas que se xeran nos centros ao non contar con persoal coidador. Nalgúns casos mesmo se ten recorrido a profesorado de apoio para que “voluntariamente” realice as súas funcións en casos de ausencias. O problema está na xestión das listas de Función Pública mais a DX de Centros e RR.HH debe ter algo que dicir ao respecto. Exemplos: CEIP O Coto de Negreira, CEIP A Ramallosa de Teo, CEIP Charrasqueira de Vigo...

✓ **Vacacións non gozadas.** Xa as teñen teñen recoñecidas o persoal opositor pero só para os efectos da puntuación no concurso oposición. Conseguiron que se vaia actualizando nas substitucións que se están producindo. Esperan telo rematado para os trienios de todo o persoal ao redor de xaneiro, o pago vailles levar máis tempo. Non son quen de automatizar os **sexenios**, que terán que pasar ás xefaturas territoriais nun momento posterior.